

REFRANEIRO GALEGO

Une con frechas para formar coñecidos refráns:

En abril

a sardiña molla o pan.

O que con lobos anda

augas mil.

Polo San Xoán

a ouvear aprende.

Entre marzo e abril

ás 24 horas, mollado.

Ceo ovellado

sae o cuco do cubil.

Cando o río soa

que non escampara.

Non hai pega

a vaquiña polo que vale.

Nunca choveu

auga leva.

Amiguiños si, pero

sen mancha negra.

Ovella que berra,

sempre ten.

O que garda

ten medo.

O que ten cu

bocado que perde.

FRASES FEITAS E DITOS POPULARES

Marca a opción axeitada:

Estar nas verzas

- ☐ Apañar verzas para o caldo.
- ☐ Estar despistado.
- ☐ Estar na horta.

Caer da burra

- ☐ Ser torpe ou pouco áxil.
- ☐ Montar mal.
- ☐ Decatarse de algo.

Outra vaca no millo!

- ☐ Actuar igual que o fixo outra persoa.
- ☐ Tornar as vacas para que coman o millo.
- ☐ Asustarse.

Ser coma un allo.

- ☐ Cheirar forte.
- ☐ Ser moi listo.
- ☐ Ter a cabeza grande.

Estar coma un carballo.

- ☐ Ser moi forte.
- ☐ Ser de cor verde.
- ☐ Quedarse quieto.